

TEMA 6. - COMENTARIO DO MATRIMONIO ARNOLFINI DE JAN VAN EYCK

a.- Identificación: título; autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: O matrimonio Arnolfini. Pintura de cabalete sobre táboa de temática profana e relixiosa pertencente ao Gótico flamengo. Escola dos primitivos flamengos. Autor: Xoán Van Eyck (que asina a obra na parede do fondo da estanza). Primeira metade do século XV: ano 1434 (data que aparece na parede do fondo da estanza). Técnica: óleo sobre táboa.

c.- Analiza e comenta a obra:

Os avances da pintura flamenga no século XV: Van Eyck

Un dos avances máis importantes na arte pictórica no século XV vai ter lugar en Flandres. Os seus protagonistas son un grupo de pintores que crean unha escola pictórica denominada posteriormente “Escola dos primitivos flamengos”, cuxa principal figura foi Jan Van Eyck, pero que conta con pintores de gran relevancia como o seu irmán Hubert Van Eyck, Robert Campin ou Rogier Van der Weyden. Trátase dunha pintura de enorme orixinalidade e calidade que supón unha ruptura coa pintura gótica pero que mantén diferenzas co Renacemento italiano (que se inicia tamén no século XV) polo que se inclúe tradicionalmente aínda no Gótico, pese a romper totalmente cos convencionalismos do Estilo Gótico Internacional vixente no momento.

Desde comezos do século XV Flandres (que neses momentos pertence ao Ducado francés de Borgoña) vive unha fase de esplendor económico baseada na industria téxtil e no comercio co resto de Europa converténdose nun dos principais centros comerciais do continente. Isto explica o grande auxe da burguesía, que será a principal cliente da arte.

As principais achegas dos “primitivos flamengos” son as seguintes:

- **Soporte:** empregan exclusivamente a **táboa**. Traballan sobre a **pintura de cabalete**: pintura realizada sobre un soporte móbil.
- **Xeneralizan a técnica do óleo**, que xa era coñecida, pero que apenas se utilizaba. Utilizan o **óleo** con gran sutileza e habilidade técnica, desenvolvendo técnicas como o da veladura (a aplicación de capas moi finas de pinturas que permiten xogar coa transparencia), que dotaba ás pinturas de elegancia e delicadeza, grande brillo, un colorido moi rico e luminoso e un increíble detallismo e minuciosidade nas figuras e obxectos, representando de forma maxistral as súas calidades táctiles.
- **Desexo de captar a realidade** mediante os seguintes aspectos:
 - É dun enorme realismo.
 - Detallismo e minuciosidade tanto na representación da figura humana (rostros, engurras, cabelos...) como nos obxectos (incluso os máis pequenos) e paisaxes. É unha pintura para ser vista de cerca.

- Amor á paisaxe que achega esta pintura á renacentista italiana e a afasta da gótica.
- **Preocupación pola luz** coa que conseguen sensación de espazo e tridimensionalidade.
- As figuras, obxectos e paisaxes están dispostos coa finalidade de conseguir a **profundidade**, aínda que non coñecen a perspectiva lineal.
- **Temas:**
 - É sobre todo unha **pintura burguesa e intimista**, na que se representan interiores de casas burguesas, cunha exhibición de mobles e obxectos que testemuñan o seu alto status económico.
 - Representan **temas relixiosos pero os transforman porque os sitúan en ambientes da vida cotiá** (vivendas burguesas) e temas **profanos, pero cun profundo simbolismo relixioso**.
 - Desenvolverán o xénero do **retrato**, que responde ao desexo dos burgueses de obter imaxes reais da súa persoa.

Jan Van Eyck foi principal figura deste movemento que abre o camiño ao Renacemento. Foi un dos grandes anovadores da técnica do óleo . Tratou de plasmar a profundidade e o volume na pintura. Asinou as súas obras, foi considerado un verdadeiro artista, chegou a ter enorme fama e prestixio entre os seus contemporáneos, gozando dunha acomodada posición social e económica); as relacións que mantivo cos seus clientes preludian as futuras relacións de mecenado do Renacemento. Todos estes aspectos son os que propician que os historiadores da Arte o consideren un dos grandes precursores do Renacemento.

O Matrimonio Arnolfini é un cadro que lle foi encargado a Jan Van Eyck en 1434 polo comerciante italiano Giovanni Arnolfini na cidade de Bruxas (Flandres), lugar de residencia de Arnolfini.

Na obra represéntase o interior dunha pequena alcoba: o dormitorio do matrimonio. En primeiro plano aparecen os protagonistas da escena, un home e unha muller en actitude solemne e collidos da man: trátase de Giovanni Arnol-




fini (próspero comerciante de orixe italiana, afincado na cidade flamenga de Bruxas) e de Giovanna (tamén de orixe italiana); un pequeno can aos pés da parella mira cara a nós. Sobre as figuras sitúase un candelabro de seis brazos cunha soa vela acesa e na parte esquerda unha ventá cortada no primeiro plano a través da cal se pode ver unha laranxeira. Fronte á ventá, no extremo oposto da alcoba, aparece unha cama con teas dun vermello intenso e na súa cabeceira unha figura en madeira de Santa Margarida. No último plano, un sofá pegado á parede sobre o que se sitúan un rosario e un espello.

A interpretación da obra está plagada de controversias. A interpretación predominante, elaborada polo historiador Erwin Panofsky alude a cerimonia nupcial entre Giovanni Arnolfini e Giovanna: trátase dun tema profano -exaltación da burguesía- pero cun profundo simbolismo relixioso. Non só é un canto ao matrimonio senón que toda a obra está chea de simbolismo relixioso: o matrimonio aparece descalzo indicando que están nun lugar sagrado; o xesto de Giovanni coa man dereita en actitude de bendicir lembra ao Cristo Pantocrátor; na ventá aparecen unhas laranxas (aluden á orixe mediterránea do matrimonio) -froita cara que reflicte o privilexiado status económico desta parella-; as laranxas recibían o nome de “mazás de Adán”, simbolizando o pecado orixinal; da parede do fondo da estancia colga un espello (símbolo de pureza da muller que acode virxe ao matrimonio) en torno ao cal aparecen representadas escenas da Paixón de Cristo (na parte superior a Crucifixión): por culpa do pecado orixinal Cristo sufriu a Paixón e a morte; o rosario colocado ao lado do espello era un regalo habitual do noivo á súa futura esposa: alude á obriga da muller de ser devota; neste caso é un rosario de cristal e o cristal simboliza a pureza ou virxindade da muller; na cabeceira da cama unha pequena figura de Santa Margarida, patroa dos partos; a cama vermella é a paixón aínda que entendida cunha única finalidade: a procreación, simbolizando a continuidade da familia; o candelabro ten unha soa vela acesa: simboliza a chama sagrada de Cristo que bendice a unión; o can é símbolo da fidelidade que a parella se xura. Con todo este simbolismo -moi propio da pintura flamenga do XV- Van Eyck está elevando o mundo terreal ao mundo espiritual.

Nos últimos tempos a interpretación do casamento foi posta en entredito, aparecendo outras alternativas como a de que o cadro representa un compromiso de matrimonio ou a autorización legal do marido para que a súa muller poida facer negocios no seu nome, ou mesmo que esta era simplemente un regalo para a familia italiana cuxo obxectivo era amosar a fortuna da parella.

O cadro expón de maneira clara os papeis que nesa época tiñan asignados home e muller no matrimonio. A parella xunta as súas mans para unirse en matrimonio: o



home sostén a man da muller indicando que será el o que leve o peso do matrimonio e o papel superior que xogará no mesmo; ambos visten roupas propias da época (pintadas con grande minuciosidade): el, un traxe negro cuberto cunha capa marrón con pel nas mangas e no colo e un amplo sombreiro negro de feltro; ela, un traxe verde de lá con pel nas mangas e no colo, cinto alto e mangas acanaladas adornadas con recortes de tea, debaixo do traxe verde asoma unha vestimenta azul, na cabeza leva unha cofia branca de lencería; non nos debe enganar o ventre avultado de Giovanna (non estaba embarazada, ademais o matrimonio nunca tivo fillos), pois é unha iconografía habitual na época que alude a que a función máis importante na vida dunha muller é a de ser nai; as sandalias rústicas do home aparecen moi preto do primeiro plano -achéganse ao mundo exterior-, as da muller -vermellas- están no fondo do dormitorio, indicándonos de novo o papel que se atribuíu ás mulleres: o ámbito do privado, do fogar.

A mestría técnica no uso do óleo é magnífica: o resultado final é unha pintura brillante, cun colorido moi rico e luminoso, recreándose na representación minuciosa e detallista dos obxectos, incluídos os máis pequenos: escenas da Paixón, Santa Margarida, roupas dos personaxes...

A **composición** da obra é moi simétrica e equilibrada: o centro son as mans do matrimonio. É un escena de interior que a través dos mobles e obxectos mostra o alto status económico deste matrimonio burgués (Van Eyck abre o camino aos cadros de interior que chegarán ao seu esplendor na pintura barroca flamenga e holandesa); é tamén unha escena naturalista pero está idealizada.

Consegue producir sensación de **profundidade** e de espazo grazas á forma de dispoñer a estancia, á colocación de figuras e obxectos e ao seu carácter volumétrico, ás roupas... Neste cadro prolonga a estancia de forma ficticia mediante un recurso que no Barroco será empregado maxistralmente por Velázquez nas Meninas: o espello na parede do fondo, no que non só se reflicte ao matrimonio de costas e o resto do cuarto senón tamén a dous personaxes situados no limiar da porta de entrada, cuxa interpretación é moi discutida, e que se tendeu a identificar co propio pintor que asiste à escena, hipótese que podería ser corroborada porque enriba do espello está escrito: «Johannes de Eyck fuit hic» [«Xoán Van Eyck estivo aquí»] e unha data, 1434.

A sensación de profundidade débese tamén á utilización da luz e das sombras; combina dúas **lucés**: a natural -moi tenue- procedente da ventá (que dinamiza un pouco a escena, que é moi estática) e a exigua luz da lámpada. As **cores** tamén contribúen á profundidade

pois con elas modela as figuras e emprega grande variedade de tons: as cores brillantes das roupas de Giovanna contrastan coas apagadas do seu home.

As **figuras** son as principais protagonistas do cadro: presentan un enorme tamaño, ocupando case todo o cuarto (bastante desproporcionadas en relación co espazo: neste aspecto temos algún trazo do gótico), son volumétricas, mostran xestos e actitudes delicados e non presentan perspectiva xerárquica. Trátase de retratos reais dos personaxes: Van Eyck foi un excelente retratista e pode ser considerado o creador do retrato moderno pois trata de captar a psicoloxía dos personaxes. Os seus retratados presentan unha dobre tendencia: realista nas figuras masculinas (tal e como se observa en Giovanni) e idealizada nas figuras femininas, sexan ou non divinas (tal e como se observa en Giovanna), con rostros ovalados e ollos riscados: son figuras cheas de dozura e de delicadeza.